

AVALIACIÓN DO TEMPO DE LECTURA LIBRE

MEDIDORES	INSTRUMENTO	PERIODICIDADE
SESIÓNS REALIZADAS	Enquisa <i>Avaliación da media hora de ler</i> que se fará na aula virtual ó alumnado dos grupos-guía da ESO e ó profesorado.	Dúas avaliacións no curso, unha despois das tres primeiras roldas de ler (finais de febreiro) e outra ó final do ciclo lector.
HÁBITO DE TRAER O LIBRO A CLASE	Calendario trimestral de aula no que se recolle o número de alumnos que non traen libro de lectura.	Diario
NÚMERO E TÍTULOS DE LIBROS LIDOS	Enquisa <i>Control das lecturas realizadas</i> que se fará na aula virtual ó alumnado dos grupos-guía da ESO.	Dúas avaliacións no curso, unha despois das tres primeiras roldas de ler (finais de febreiro) e outra ó final do ciclo lector.
VARIACIÓNS NOS HÁBITOS LECTORES DOS ALUMNOS	• Enquisa <i>Situación lectora inicial</i> a todo o alumnado de 1º ESO.	En outubro.
	• Enquisa <i>Control das lecturas realizadas</i> que se fará nos grupos-guía da ESO.	Dúas veces no curso. Faremos coincidir estas enquisas coas de <i>Avaliación da media hora de ler</i> .
	• Enquisa <i>Uso da biblioteca</i>	Ó final do ciclo lector.
GRAO SATISFACCIÓN DO PROFESORADO	Medirase a través das enquisas <i>Avaliación da media hora de ler</i> e <i>Uso da Biblioteca</i> .	Dúas veces no curso.

Dúas veces no curso faremos unha análise da media hora de ler partindo das enquisas que os usuarios do Plan lector realicen na Aula virtual.

O profesorado fará, alomenos, dúas enquisas sobre a marcha da media hora de ler. Recibirá vía correo electrónico, un informe completo da avaliación do tempo de lectura libre do xeito máis rigoroso posible. No espazo oportuno nos Claustros ordinarios comentaranse os resultados deste informe.